



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE SANTA COMBA

Asunto: Cualificación total fase de oposición para a provisión dunha praza de Policía Local (Oferta de Emprego Público do ano 2010)

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 8 de novembro de 2012 (publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 226 do 27/11/2012), aprobou as bases que rexen a convocatoria na selección e a provisión dunha praza de Policía Local, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2010.

O tribunal cualificador, en xuntanza do 28 de agosto de 2013, cualificou o total das fases de oposición referentes a: proba de avaliación dos coñecementos; coñecemento da lingua galega, probas físicas, probas psicotécnicas e proba de recoñecemento médico

As bases que rexen no proceso selectivo establecen que a cualificación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de selección. A orde de cualificación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de selección.

O tribunal cualificador, por unanimidade, acordou:

1 Outorgar a puntuación final do proceso selectivo aos aspirantes admitidos ao procedemento de selección e que superaron as probas eliminatorias, pola orde referente á suma das puntuacións obtidas:

Apelidos e nome dos aspirantes	Proba avaliación coñecementos	Coñecemento lingua galega	Probas físicas	Probas psicotécnicas	Proba recoñecemento médico	Cualificación final
GARABAL CASANOVA, JOSÉ ADRIANO	9,33	Apto	Apto	Apto	Apto	9,33
ABAL LÓPEZ, PEDRO	8,00	Exento	Apto	Apto	Apto	8,00
PÉREZ ALLO, CRISTIAN	6,00	Exento	Apto	Apto	Apto	6,00

2 De acordo coa base undécima que di *que en ningún caso, o número de aprobados poderá superar o de prazas convocadas*. E posto que o número de prazas convocadas é unha, o aspirante aprobado que obtivo a maior cualificación pola suma das puntuacións obtidas nas fases de selección é:

- Garabal Casanova, José Adriano, con DNI núm.: 44 815 863 H

3 Propoñer ao alcalde o nomeamento como funcionario en prácticas, debendo superar o curso teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario de carreira a:

- Garabal Casanova, José Adriano, con DNI núm.: 44 815 863 H

4 O tribunal elabora a lista de reserva pola orde decrecente de puntuación cun número de aspirantes que é como máximo igual ao de aprobados, na que figuran aqueles aspirantes que, anque superaran o proceso selectivo, non resultaran aprobados por obter unha puntuación ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

- Abal López, Pedro, con DNI núm. 76 822 542 N

5 Publicar a cualificación total da fase de oposición na forma prevista nas bases da convocatoria que rexe nas probas selectivas. Tamén na páxina web municipal.

En Santa Comba, 16 de outubro de 2013

O presidente do tribunal



Evaristo Lois Rama